



COMUNICADO

Benquerida familia dos Centros Deportivos Oleiros,

Dende o sábado 27 de febreiro de 2021 as nosas instalacións reabrirán nos seguintes horarios:

Luns a venres	Tódolos Centros	07:00 a 21:45
Sábados	Perillo e Oleiros	09:30 a 13:30 17:00 a 21:00
	Dorneda	10:00 a 14:00 17:00 a 21:00
Domingos e festivos	Tódolos Centros	10:00 a 14:00

Os días pagados e non disfrutados se compensarán na súa totalidade no recibo de marzo.

As cotas conxeladas polos peches perimetrais quedan activadas xa dende mañá, xa que a circulación está permitida.

Os protocolos seguirán a lexislación vixente:

- **O traballo será individual, sen interacción co resto de asistentes.**
- **Manterase a distancia interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.**
- **Será obrigatorio o máscara en todo momento na instalación** (agás no momento da práctica acuática).
- **Manteremos o aforo do 30% do aforo normal.**
- **Reservaranse as actividades dirixidas como ata agora, dende o día anterior a actividade.**
- **Será obrigatorio o uso de tarxeta/pulseira para o acceso aos Centros.**

Os cursiños retomaranse dende o 01 de marzo de 2021. Lembrade:

- **O protocolo será o mesmo que tiñamos antes do peche.**
- **É moi importante que sigades sendo puntuais.**
- **Lembrade que o uso das duchas segue estando restrinxido para os cursiños.**

Para os Centros Deportivos Oleiros o fundamental é a seguridade de todos, e por iso dende o inicio desta pandemia adoptamos tódalas medidas de seguridade necesarias e restricións marcadas polas autoridades sanitarias para facer fronte ao COVID-19.

Tamén insistimos en que **o deporte é fundamental para a nosa saúde**. É moi importante que sigas adestrando para manter forte o teu sistema inmunitario.

Queremos recordarnos a todos que estamos xuntos nisto e que é moi importante que **nos sigamos coidando moito!**

#DeporteSaúde #CoidamosATúaSaúde

#SempreContigo agora máis que nunca!